

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5708 *Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O marco histórico de nacemento do concepto moderno de economía social estrutúrase a través das primeiras experiencias cooperativas, asociativas e mutualistas que xorden desde finais do século XVIII e se desenvolven durante o século XIX en distintos países de Europa (Inglaterra, Italia, Francia ou España). A partir deste concepto tradicional de orixe decimonónica que engloba as cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións, fóronse sucedendo na década dos anos 70 e 80 do pasado século e en distintos países europeos declaracións que caracterizan a identificación da economía social arredor de distintos principios. Deste modo, en Francia a «Charte de l'économie sociale» define o termo de economía social como «o conxunto de entidades non pertencentes ao sector público que, con funcionamento e xestión democráticos e igualdade de dereitos e deberes dos socios, practican un réxime especial de propiedade e distribución das ganancias, empregando os excedentes do exercicio para o crecemento da entidade e a mellora dos servizos á comunidade». Neste mesmo sentido, o «Conseil Wallon de l'Économie sociale» fai o propio en Bélxica.

En 1992 o Comité Económico e Social Europeo presentou tres propostas de regulamento de estatutos da Asociación Europea, da Cooperativa Europea e da Mutualidade Europea. Destas iniciativas chegou a termo o Regulamento polo que se aproba o Estatuto da sociedade cooperativa europea (Regulamento CE 1435/2003 do Consello, do 22 de xullo de 2003) e a directiva pola que se completa o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea no que respecta á implicación dos traballadores (Directiva 2003/72/CE do Consello, do 22 de xullo). O regulamento caracteriza as cooperativas como agrupacións de persoas que se rexen por principios de funcionamento específicos diferentes dos doutros axentes económicos, caracterizados pola primacía da persoa. Esta primacía da persoa reflíctese en disposicións específicas relativas ás condicións de adhesión, renuncia e exclusión das socias e dos socios; na regra unha persoa, un voto, e na imposibilidade de que os seus integrantes exerzan un dereito sobre o activo da sociedade cooperativa.

A Carta de Principios da Economía Social en 2002 da Conferencia Europea de Cooperativas, Mutualidades, Asociacións e Fundacións (CEP-CEMAF), antecesora da actual Asociación Europea de Economía Social (Social Economy Europe), introduce no acervo comunitario un conxunto de principios que permiten plasmar unha realidade diferenciada das entidades da economía social, tales como a primacía da persoa e do obxecto social sobre o capital, a adhesión voluntaria e aberta, o control democrático polos seus integrantes, a conxunción dos intereses das persoas usuarias e do interese xeral, a defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade, a autonomía de xestión e independencia respecto dos poderes públicos e o destino dos excedentes á consecución de obxectivos a favor do desenvolvemento sustentable, do interese dos servizos aos seus integrantes e do interese social. Esta realidade palpable e concreta

transcendeu posteriormente ao ámbito comunitario no propio Parlamento Europeo, por medio do Informe 2008/2250 (INI), do 26 de xaneiro de 2009, ou no propio Comité Económico e Social Europeo, a través de distintos ditames, como «Economía social e mercado único» no ano 2000, ou máis recentemente o ditame de «Distintos tipos de empresas» do ano 2009. Á luz do exposto, o dereito comparado ilustra, polo tanto, a tendencia dos países ao establecemento dun marco xurídico de apoio e recoñecemento da economía social como actividade económica diferenciada que require de accións substantivas de apoio e fomento público.

II

En España, resulta de interese destacar o substrato xurídico en que se fundamentan as entidades da economía social, que obtén o máis alto rango derivado dos artigos da Constitución española. Así ocorre en diversos artigos que fan referencia, de forma xenérica ou específica, a algunha das entidades de economía social, como sucede no artigo 1.1, no artigo 129.2 ou a propia cláusula de igualdade social do artigo 9.2, e outros artigos concretos como o 40, o 41 e o 47, que plasman o forte arraigo das citadas entidades no texto constitucional.

A partir do ano 1990, en España, a economía social empeza a ter un recoñecemento expreso por parte das institucións públicas, con ocasión da creación do Instituto Nacional de Fomento da Economía Social (INFES), pola Lei 31/1990, do 27 de decembro. Este instituto substituíu a antiga Dirección Xeral de Cooperativas e Sociedades Laborais do Ministerio de Traballo e Seguridade Social e entre os seus obxectivos figurou o fomento das entidades de economía social e, por iso, creou no seu seo o Consello. Unha vez desaparecido o instituto no ano 1997, as súas funcións asumíunas a Dirección Xeral do Fomento da Economía Social e do Fondo Social Europeo. A Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, incorpora o Consello para o Fomento da Economía Social como órgano asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social, e foi desenvolvido polo Real decreto 219/2001, do 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello. Este Consello, polo tanto, configúrase como a institución que dota de visibilidade o conxunto de entidades da economía social.

Ademais, e debido á descentralización competencial que caracteriza o sistema territorial do Estado, existen diversas normas substantivas das diferentes entidades da economía social cuxa regulación se sitúa tamén no ámbito autonómico, dando lugar á existencia de institucións similares nas comunidades autónomas que reforzan a visibilidade institucional das distintas entidades que se incardinan no referido sector.

As sociedades cooperativas nas súas distintas modalidades e, entre elas, as de traballo asociado, consumo, vivenda, agrarias, servizos, mar, crédito, ensino, sanitarias, seguros, de transporte, as sociedades laborais, as asociacións, fundacións e mutualidades, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as sociedades agrarias de transformación e as confrarías de pescadores comparten os principios orientadores da economía social. Todas estas entidades se ven reflectidas de forma directa ou indirecta nos referidos artigos da Constitución española e reúnen os principios que lles outorgan un carácter diferencial e específico respecto a outro tipo de sociedades e entidades do ámbito mercantil. Ademais, existe unha dinámica viva das entidades da economía social que fai que conflúan distintas entidades singulares que tamén participan dos mesmos principios que as anteriores.

Este rico acervo complétase cun catálogo de entidades potenciais que se poden adscribir á economía social, pero sempre que esas figuras estean acoutadas aos principios que determinan unha peculiaridade intrínseca en valores e perfectamente delimitadas na súa configuración específica.

Existen distintas iniciativas destacables que coinciden na necesidade de aprobar unha Lei de economía social. Por unha parte, a demanda da Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) cunha proposta de texto articulado e, por outra parte, os traballos realizados pola Subcomisión Parlamentaria do Congreso dos Deputados, que estivo en funcionamento desde marzo do ano 2007 ata a fin dese ano, e cuxo obxectivo

era o estudo da situación da economía social en España e propor actuacións para o seu fomento.

Por outra parte, a necesidade de aprobar unha Lei da economía social conecta directamente cos principios que inspiran e os obxectivos que persegue a Lei de economía sustentable, na medida en que a economía social é, en certo modo, precursora e está comprometida co modelo económico de desenvolvemento sustentable, na súa tripla dimensión económica, social e ambiental.

O Goberno da Nación, por medio do Consello para o Fomento da Economía Social e co acordo de CEPES, designou unha comisión independente de persoas expertas, que en outubro de 2009 finalizou os traballos de elaboración de estudo dunha Lei da economía social. Partindo do informe da referida comisión e da proposta de CEPES, elaborouse un texto común que conta co apoio de gran parte do sector. Ademais, no proceso de elaboración do proxecto foron informadas as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais do día 29 de abril de 2010, e o propio Consello para o Fomento da Economía Social que, na súa reunión plenaria do día 29 de abril de 2010, manifestou o seu acordo maioritario co texto.

III

O obxectivo básico da lei é configurar un marco xurídico que, sen pretender substituír a normativa vixente de cada unha das entidades que conforma o sector, supoña o recoñecemento e a mellor visibilidade da economía social, e lle outorgue unha maior seguridade xurídica por medio das actuacións de definición da economía social, establecendo os principios que deben recoller as distintas entidades que a forman. Partindo destes principios recóllese o conxunto das diversas entidades e empresas a que atinxe a economía social. Así mesmo, recoñécese como tarefa de interese xeral a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social e das súas organizacións representativas. Ademais, tense en conta a importancia da interlocución dos poderes públicos coas organizacións que representan as distintas entidades que compoñen a economía social, propias pola súa figura xurídica e actividade, subliñando o papel que deberán desempeñar as confederacións intersectoriais de ámbito estatal representativas do sector e restaurando, co encaixe xurídico máis acertado, o Consello para o Fomento da Economía Social como órgano asesor e consultivo vinculado ao Ministerio de Traballo e Inmigración, vinculándoo ao sector mediante esta lei, xa que anteriormente estaba incardinado na lexislación estatal de sociedades cooperativas.

O proxecto de lei consta de nove artigos, sete disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e catro disposicións derradeiras.

O artigo 1 marca o obxecto da lei, que é o establecemento dun marco xurídico común para o conxunto das entidades que conforman o sector da economía social e das medidas de fomento aplicables a este; dando cumprimento ao anterior, o artigo 2 versa sobre o concepto e a denominación da economía social. O artigo 3 fixa como ámbito de aplicación da lei o das entidades da economía social que actúen no Estado, pero sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas.

O artigo 4 presenta os catro principios orientadores e comúns a todas as entidades da economía social, que son aquelas que recolle o artigo 5, ben sexa mediante a súa denominación directa e nos termos do punto un, ben por medio do procedemento recollido no punto dous do citado precepto. O artigo 6 regula o catálogo de entidades da economía social, que será elaborado e actualizado polo Ministerio de Traballo e Inmigración logo de informe do Consello para o Fomento da Economía Social, e non terá, en ningún caso, carácter constitutivo.

O artigo 7 recolle os principios de representación das entidades da economía social e os criterios de representatividade das confederacións intersectoriais de ámbito estatal representativas. Pola súa parte, o artigo 8 cumpre con outro dos obxectos da lei: o recoñecemento do fomento e a difusión da economía social.

Por último, o artigo 9 regula nesta lei o Consello para o Fomento da Economía Social, órgano asesor e consultivo na materia, co establecemento das súas funcións.

A disposición adicional primeira regula a información estatística sobre as entidades da economía social e a disposición adicional segunda refírese ao financiamento das actuacións previstas en ámbito estatal.

A disposición adicional segunda regula os medios de financiamento das actuacións de promoción, difusión e formación a que se refire o artigo 8.3 e do funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social.

A disposición adicional terceira clarifica a natureza da Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE) como corporación de dereito público cuxa normativa específica lle confire a consideración de entidade singular de economía social.

A disposición adicional cuarta recolle a necesidade de que o Goberno integre as empresas da economía social nas estratexias para a mellora da produtividade.

A disposición adicional quinta establece que o Goberno enviará ao Congreso dos Deputados, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei, un informe sobre os efectos desta.

Hai dúas disposicións transitorias. A disposición transitoria primeira mantén a aplicación da disposición adicional segunda da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, mentres non se desenvolva regulamentariamente o artigo 9.5 desta lei.

A disposición transitoria segunda posibilita ás cooperativas de vivendas allear ou arrendar a terceiros non socios as vivendas da súa propiedade iniciadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Pola súa parte, na disposición derradeira primeira determínanse os títulos competenciais desta norma, que constitúe lexislación básica, ditada ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado as «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica», salvo o disposto nos artigos 8.3 e 9, que corresponde á competencia de autoorganización do Estado, así como o previsto na disposición adicional primeira, que se ampara na competencia exclusiva atribuída ao Estado polo artigo 149.1.31.^a da Constitución, en materia de «estatística para fins estatais».

A disposición derradeira segunda habilita o Goberno para ditar as disposicións de aplicación e desenvolvemento necesarias.

Por último, a disposición derradeira cuarta prevé unha «vacatio legis» dun mes, prazo que se considera adecuado para a súa entrada en vigor.

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer un marco xurídico común para o conxunto de entidades que integran a economía social, con pleno respecto á normativa específica aplicable a cada unha delas, así como determinar as medidas de fomento a favor delas en consideración aos fins e principios que lles son propios.

Artigo 2. *Concepto e denominación.*

Denomínase economía social o conxunto das actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos no artigo 4, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder ás comunidades autónomas, o ámbito de aplicación desta lei esténdese a todas as entidades da economía social que actúen dentro do Estado.

Artigo 4. *Principios orientadores.*

As entidades da economía social actúan de acordo cos seguintes principios orientadores:

a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e das súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social que en relación ás súas achegas ao capital social.

b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, de ser o caso, do fin social obxecto da entidade.

c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

d) Independencia respecto aos poderes públicos.

Artigo 5. *Entidades da economía social.*

1. Forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior.

2. Así mesmo, poderán formar parte da economía social aquelas entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios enumerados no artigo anterior e que sexan incluídas no catálogo de entidades establecido no artigo 6 desta lei.

3. En todo caso, as entidades da economía social regularanse polas súas normas substantivas específicas.

Artigo 6. *Catálogo de entidades de economía social.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de informe do Consello para o Fomento da Economía Social e en coordinación coas comunidades autónomas, elaborará e manterá actualizado un catálogo dos diferentes tipos de entidades integrantes da economía social, tendo en conta os principios establecidos nesta lei e de forma coordinada cos catálogos existentes no ámbito autonómico.

Os catálogos de entidades de economía social deberán ser públicos. A publicidade farase efectiva por medios electrónicos.

Artigo 7. *Organización e representación.*

1. As entidades da economía social poderán constituír asociacións para a representación e defensa dos seus intereses, e estas poderanse agrupar entre si, de acordo co previsto na súa normativa específica ou, de ser o caso, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2. As confederacións intersectoriais de ámbito estatal representativas serán as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Agrupar polo menos a maioría de tipos de entidades que recolle o artigo 5 desta lei.

b) Representar, polo menos, o vinte e cinco por cento do total das empresas ou entidades asociadas directamente ou a través de organizacións intermedias ás confederacións intersectoriais que concorran ao procedemento de representatividade, sempre que tales confederacións cumpran co requisito da letra a).

c) Representar, en polo menos a maioría dos tipos de entidades do artigo 5 que agrupe a correspondente confederación, como mínimo, o quince por cento do total das entidades ou empresas de cada tipo asociadas ás confederacións intersectoriais que

concorran ao procedemento de representatividade, entendéndose como concorrentes aquelas confederacións que cumprisen os requisitos das letras a) e b).

3. As confederacións intersectoriais de ámbito estatal representativas terán representación nos órganos de participación institucional da Administración xeral do Estado que se ocupen das materias que afectan os seus intereses económicos e sociais. Do mesmo modo, terán representación nos órganos da Administración xeral do Estado as organizacións de ámbito estatal que agrupen maioritariamente as entidades da economía social, en todas aquelas actividades de representación que lles sexan propias pola súa natureza xurídica e actividade.

4. Así mesmo, as organizacións, federacións ou confederacións representativas de cada comunidade autónoma terán representación nos órganos de participación institucional das administracións das comunidades autónomas que se ocupen das materias que afectan os seus intereses económicos e sociais, na forma en que prevexan as comunidades autónomas.

Artigo 8. *Fomento e difusión da economía social.*

1. Recoñécese como tarefa de interese xeral a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social e das súas organizacións representativas.

2. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, terán como obxectivos das súas políticas de promoción da economía social, entre outros, os seguintes:

a) Remover os obstáculos que impidan o inicio e o desenvolvemento dunha actividade económica das entidades da economía social. Para isto, prestarase especial atención á simplificación de trámites administrativos para a creación de entidades da economía social.

b) Facilitar as diversas iniciativas de economía social.

c) Promover os principios e valores da economía social.

d) Promover a formación e readaptación profesional no ámbito das entidades da economía social.

e) Facilitar o acceso aos procesos de innovación tecnolóxica e organizativa aos emprendedores das entidades de economía social.

f) Crear un contorno que fomente o desenvolvemento das iniciativas económicas e sociais no marco da economía social.

g) Involucrar as entidades da economía social nas políticas activas de emprego, especialmente en favor dos sectores máis afectados polo desemprego, mulleres, mozos e parados de longa duración.

h) Introducir referencias á economía social nos plans de estudo das diferentes etapas educativas.

i) Fomentar o desenvolvemento da economía social en áreas como o desenvolvemento rural, a dependencia e a integración social.

3. Ao Goberno, para a aplicación desta lei, corresponderalle, con carácter xeral, a través do Ministerio de Traballo e Inmigración, impulsar no seu ámbito a realización das actuacións de promoción, difusión e formación da economía social, sen prexuízo das facultades doutros departamentos ministeriais en relación coa actividade económica, empresarial e social que desenvolven as entidades de economía social para o cumprimento do seu obxecto social.

4. No desenvolvemento das actividades de fomento da economía social respectaranse as competencias das comunidades autónomas. Desde a Administración xeral do Estado impulsaranse os mecanismos de cooperación e colaboración necesarios coas administracións autonómicas para o desenvolvemento das actividades de fomento da economía social.

Artigo 9. *Consello para o Fomento da Economía Social.*

1. O Consello para o Fomento da Economía Social rexeráse polo disposto nesta lei, configurándose como órgano asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social, integrado, a través do Ministerio de Traballo e Inmigración, na Administración xeral do Estado, sen participar na estrutura xerárquica desta. Actuará como un órgano de colaboración, coordinación e interlocución da economía social e a Administración xeral do Estado.

2. De conformidade coas competencias atribuídas e de acordo co ámbito desta lei, terá as seguintes funcións:

- a) Informar e colaborar na elaboración de proxectos sobre calquera disposición legal ou regulamentaria que afecten entidades da economía social.
- b) Elaborar os informes que solicite o Ministerio de Traballo e Inmigración e demais departamentos ministeriais.
- c) Emitir informe previo, de conformidade co artigo 6 desta lei, na elaboración e actualización do catálogo de entidades da economía social do Ministerio de Traballo e Inmigración.
- d) Emitir informe sobre os programas de desenvolvemento e fomento da economía social.
- e) Realizar estudos e informes sobre cuestións e problemas que afecten a economía social e, en especial, sobre o reforzo do coñecemento, presenza institucional e proxección internacional da economía social.
- f) Velar pola promoción e o respecto aos principios orientadores desta lei.
- g) Emitir informe previo na adopción das medidas de información estatística das entidades de economía social nos termos da disposición adicional primeira desta lei.
- h) Cantas outras funcións e competencias se lle atribúan por disposicións legais e regulamentarias.

3. O Consello para o Fomento da Economía Social estará composto por representantes da Administración xeral do Estado, das administracións autonómicas, da asociación de entidades locais máis representativa, das confederacións intersectoriais representativas de ámbito estatal, así como das entidades sectoriais maioritarias da economía social referidas no artigo 5 desta lei que non estean representadas polas citadas confederacións intersectoriais, das organizacións sindicais máis representativas e por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da economía social designadas polo Ministerio de Traballo e Inmigración.

4. A Presidencia do Consello para o Fomento da Economía Social corresponderalle á persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego.

5. O funcionamento e a composición do Consello serán obxecto de desenvolvemento regulamentario e axustaranse ao disposto sobre órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional primeira. *Información estatística sobre as entidades da economía social.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración adoptará, en colaboración e coordinación cos departamentos ministeriais e coas administracións que puideren ter competencia en materia rexistral das entidades da economía social, e logo de informe do Consello para o Fomento da Economía Social, as medidas necesarias para garantir unha información estatística de tales entidades así como das súas organizacións de representación, periodicamente actualizada e axustada na súa clasificación ao catálogo previsto no artigo 6 desta lei.

Disposición adicional segunda. *Financiamento.*

O impulso das actuacións de promoción, difusión e formación a que se refire o artigo 8.3, así como o funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social previsto no artigo 9, financiaranse cos créditos que o Ministerio de Traballo e Inmigración teña efectivamente dispoñibles para o exercicio 2010, sen que poidan supor aumento neto de gasto, conforme o establecido no Plan de acción inmediata para 2010 e, para exercicios sucesivos, no Plan de austeridade da Administración xeral do Estado 2011-2013.

A Administración xeral do Estado poderá acordar coas comunidades autónomas o fomento de determinadas actuacións de promoción, difusión ou formación da economía social establecendo, para o efecto, os oportunos convenios de colaboración en que se concretarán os recursos que se proporcionen.

Disposición adicional terceira. *Ordenación xurídica da ONCE como entidade singular.*

Para os efectos previstos no número 1 do artigo 5 desta lei, a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE) é unha organización singular de economía social, que axusta a súa ordenación e funcionamento ao previsto nas leis, así como na súa normativa específica de aplicación, constituída basicamente polo Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, de reordenación da ONCE e os seus vixentes estatutos, cuxos trazos básicos e xenuínos relativos á súa actividade económica e empresarial, así como á súa natureza de operador de xogo de recoñecido prestixio, se plasman nesta disposición adicional.

A ONCE é unha corporación de dereito público de carácter social que se rexe pola súa normativa específica propia e cuxos fins sociais se dirixen á consecución da autonomía persoal e plena integración das persoas cegas e con deficiencia visual grave, mediante a prestación de servizos sociais, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e de autoorganización; caracterizada na súa actividade social, económica e empresarial polos principios e valores da solidariedade, a ausencia de ánimo de lucro e o interese xeral; que exerce en todo o territorio español funcións delegadas das administracións públicas, baixo o protectorado do Estado e que, para o financiamento dos seus fins sociais, goza dun conxunto de autorizacións públicas en materia de xogo.

Disposición adicional cuarta. *Integración das empresas da economía social nas estratexias para a mellora da produtividade.*

O Goberno terá en conta as especiais características das empresas da economía social nas súas estratexias de mellora da produtividade e da competitividade empresarial.

Disposición adicional quinta. *Informe do Goberno.*

O Goberno, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, remitirá ao Congreso dos Deputados un informe en que se analizarán e avaliarán os efectos e as consecuencias da aplicación do seu contido.

Disposición adicional sexta. *Exercicio de actividades sanitarias por titulados universitarios de licenciado en Psicoloxía ou graduado no ámbito da Psicoloxía.*

1. No prazo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei que regule a actividade da «Psicoloxía sanitaria» como profesión sanitaria titulada e regulada, e defina as condicións de acceso á dita profesión e as funcións que se reservan para ela.

2. Transitoriamente, ata a entrada en vigor da lei prevista no número anterior, aqueles que posúan o título de licenciado en Psicoloxía ou algún dos títulos de graduado no ámbito da Psicoloxía que figuren inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos como adscritos á rama de coñecemento de Ciencias da Saúde, poderán exercer actividades sanitarias, sempre que acrediten que adquiriron unha formación específica a través dalgunha das seguintes vías:

a) Por ter superado os estudos de graduado/licenciado, seguindo un itinerario curricular cualificado pola súa vinculación coa área docente de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxicos, ou coa Psicoloxía Clínica e da Saúde.

b) Por ter adquirido unha formación complementaria de posgrao non inferior a 400 horas (ou o seu equivalente en créditos europeos), das cales polo menos 100 terán carácter práctico, vinculada ás áreas mencionadas na anterior letra a).

3. A acreditación de encontrarse nalgunha das situacións previstas no número anterior permitirá solicitar a inscrición de consultas ou gabinetes de psicoloxía no correspondente rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios.

4. Os psicólogos que desenvolvan a súa actividade en centros, establecementos e servizos do Sistema Nacional de Saúde, ou concertados con el, para faceren efectivas as prestacións sanitarias derivadas da carteira de servizos comúns deste que correspondan aos ditos profesionais, tanto no ámbito da atención primaria coma no da especializada, deberán estar en posesión do título oficial de psicólogo especialista en Psicoloxía clínica a que se refire o número 3 do anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

Disposición adicional sétima. *Programa de impulso das entidades de economía social.*

O Goberno aprobará, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, un programa de impulso das entidades de economía social, con especial atención ás de singular arraigo no seu contorno e ás que xeren emprego nos sectores máis desfavorecidos. Este programa, entre outras, reflectirá as seguintes medidas:

1.º Logo de consulta ás entidades representativas da economía social, do Consello para o Fomento da Economía Social e das Comunidades Autónomas, revisará a normativa necesaria para eliminar as limitacións das entidades da economía social, de forma que estas poidan operar en calquera actividade económica sen trabas inxustificadas.

2.º Logo de consulta ás entidades representativas da economía social, do Consello para o Fomento da Economía Social e das Comunidades Autónomas, remitirá ás Cortes un proxecto de lei que actualice e revise a Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.

3.º Logo de consulta coas entidades que realizan acción social, revisará a normativa de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle é de aplicación, co obxecto de simplificar os procedementos regulados nela.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio aplicable do Consello para o Fomento da Economía Social.*

Ata a entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 9.5 desta lei, o Consello para o Fomento da Economía Social rexerese polo disposto na disposición adicional segunda da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

Disposición transitoria segunda. *Cooperativas de vivendas.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 89.4 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, as cooperativas de vivendas poderán allear ou arrendar a terceiros non socios as vivendas da súa propiedade iniciadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei. Neste suposto, o alleamento ou arrendamento das vivendas e as súas condicións xerais deberán ter sido acordadas previamente pola asemblea xeral. Adicionalmente, estas operacións con terceiros non socios poderán alcanzar como límite máximo o 50 por cento das realizadas cos socios. A asemblea xeral acordará tamén o destino do importe obtido polo alleamento ou arrendamento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei constitúe lexislación básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado as «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica». Porén, non terán carácter básico:

a) Os contidos desta lei que fan referencia á organización e ao funcionamento de órganos do Estado ou de órganos adscritos á Administración do Estado: artigo 8.3 e artigo 9.

b) A disposición adicional primeira, que se incardina no artigo 149.1.31.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de «Estatística para fins estatais».

Disposición derradeira segunda. *Habilitación ao Goberno.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 da disposición adicional vixésimo quinta, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A tramitación das prestacións e demais actos en materia de seguridade social, incluída a protección por desemprego, que non teñan carácter recadatorio ou sancionador axustarase ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades nela previstas para tales actos en canto a impugnación e revisión de oficio, así como coas establecidas nesta disposición adicional, na disposición adicional quincuaxésima desta lei ou noutras disposicións que resulten de aplicación.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 4 da disposición adicional quincuaxésima, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. As notificacións dos actos administrativos que deriven ou se diten como consecuencia dos datos que se deban comunicar electronicamente a través do sistema RED, realizadas aos autorizados para esa transmisión, efectuaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos na sede electrónica da Seguridade Social, e serán válidas e vinculantes para todos os efectos legais para as empresas e suxeitos obrigados a que se refiran tales datos, salvo que estes últimos manifestasen a súa preferencia por que a notificación en sede electrónica se lles efectúe directamente a eles ou a un terceiro.»

«4. Nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as notificacións que non se puidesen realizar na sede electrónica da Seguridade Social ou no domicilio do interesado, conforme o indicado nos puntos anteriores, practícaranse exclusivamente no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social situado na dita sede electrónica, e non procederá a súa publicación por ningún outro medio.

Transcorridos vinte días naturais desde que a notificación se publicase no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social, entenderase que foi practicada, dándose por cumprido ese trámite e continuándose co procedemento.

O taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social será xestionado pola Secretaría de Estado da Seguridade Social. A práctica da notificación nel efectuarase nos termos que se determinen por orde do Ministerio de Traballo e Inmigración.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO